

## **BANDO**

Secundino García Casal, Alcalde deste Concello de San Sadurniño, ao abeiro do disposto no artigo 21.1.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril,

### **FAGO SABER:**

En data 02/06/2021 foron capturados dez équidos sen identificar que se atopaban deambulando libres pola zona do núcleo de Racamonde, na parroquia de Naraío, causando un grave risco para a seguridade viaria.

Os ditos équidos foron confinados en depósito nunhas instalacións de carácter privado, situadas en Leboré 42, Cabreiros, concello de Xermade, provincia de Lugo.

Consonte o disposto nos artigos 26 e 27 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 129, do 06/07/2012, este Concello establece as seguintes medidas:

1º) As persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias dos animais e que reclamen o rescate deberán acreditar a súa propiedade perante a autoridade municipal competente, **facerse cargo dos danos que tivesen causado e identificar aos équidos**, nas condicións previstas no Capítulo IV do dito decreto 142/2012, do 14 de xuño (DIAEG), previamente a súa retirada das dependencias de custodia. **Tamén deberán aboar os gastos de captura e mantemento durante os días de confinamento.**

2º) Os équidos capturados, non identificados e non reclamados, consideraranse mostrencos para todos os efectos. A autoridade municipal competente poderá decidir, logo de resolución motivada, a venda dos animais en poxa pública, a entrega gratuíta a espazos de acollida con capacidade de recepción ou o envío a sacrificio en

matadoiros autorizados con destino final á destrución destes animais, nos termos do artigo 28 do DIAEG.

O prazo para que as persoas concernidas **reclamen os animais é de tres días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación deste bando.

3º) Publíquese o presente bando na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web e redes sociais do Concello.

San Sadurniño, 2 de xuño de 2021.

O Alcalde,